

Modificacións á
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
DO SEMINARIO DE MÚSICA.

CPI MANUEL SUAREZ MARQUIER
CURSO 2021-2022



DEPARTAMENTO unipersonal.

Profesora: Marta Barreiro Iglesias
Curso 2021-2022

1.- INTRODUCCIÓN

Esta modificación á programación de Música obedece á ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

Seguiremos as directrices reflectidas nesa orde para establecer os criterios de avaliación, promoción e titulación do alumnado na terceira avaliación e mais na avaliación final.

2.- AVALIACIÓN

2.1.- INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para garantir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva, establecemos os seguintes **instrumentos de avaliación** para os catro cursos de ESO , tendo en conta que se utilizarán varios deles en cada curso:

- Probas orais e/ ou escritas para avaliar os contidos teóricos e prácticos traballados en cada trimestre.
- Traballos documentais de exposición oral (e nalgúns casos escrita para exposicións temporais)
- Dinámicas grupais.
- Gravacións de audio e audio e vídeo das prácticas realizadas na aula.
- Actividades, tarefas de afianzamento dos contidos que se realizarían fóra do horario escolar e deberán ser entregadas ou terán preparadas para o día que se fixe.

2.2.- PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

- Análise das producións prácticas do alumnado, noutros casos escritas, orais e doutras tarefas (improvisación práctica, produción vocal, comprensión textual, comentarios, resumos, tarefas, traballos sobre noticias, concertos, críticas, discos...)

O profesor ten un diario de clase onde vai anotando o traballo e o esforzo de cada un, especialmente con controis diarios prácticos. Traballo realizado na casa (a través de ensaios coas opcións que se lle dan na aula virtual) e doutras tarefas máis teóricas que se requiran (composicións/modificación de letras, ritmos...)

- Análise das interaccións do alumnado (actitudes, participación en parellas, filas, grupos grandes...), serán cualificados tamén en porcentaxes para obter a cualificación global da avaliación.
- Resultado dos exercicios de control de capacidades e coñecemento (exames prácticos e teóricos), terán un peso importante na obtención dunha cualificación positiva na avaliación. O profesor tomará nota das dificultades que amosase o alumno para reforzalas posteriormente.
- Gravacións de audio e ou vídeo, así como actuacións en recitais, concertos ou actividades interdisciplinares propostas.

2.3.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

2.3.1. Terceira avaliación parcial.

Estes son os criterios que seguimos ao longo do curso e que seguiremos na **terceira avaliación parcial**.

Para obter a cualificación de avaliación (positiva ou negativa), aplicaranse as seguintes porcentaxes:

As porcentaxes que se terán en conta á hora de cualificar aos alumnos serán os seguintes:

1º de ESO Obradoiro: (materia eminentemente práctica)

70%: Traballo práctico de aula

20%: Parte teórica, exposicións orais de traballos propostos

10%: Actitudes (caderno de clase, participación, atención, comportamento, interese...)

2º de ESO:

40%: Contidos (probos escritos e orais...)

50%: Procedementos (exercicios, probas prácticas, expresión instrumental, vocal...)

10%: Actitudes (caderno de clase, participación, atención, comportamento...)

3º de ESO:

40%: Contidos (probos escritos e orais...)

50%: Procedementos (exercicios, probas prácticas, expresión instrumental, vocal...)

10%: Actitudes (caderno de clase, participación, atención, comportamento...)

4º de ESO:

40%: Contidos (probas escritas e orais...)

50%: Procedementos (exercicios, probas prácticas, expresión instrumental, vocal...)

10%: Actitudes (caderno de clase, participación, atención, comportamento...)

A media destas porcentaxes será a cualificación final da Avaliación.

Haberá varias excepcións:

1ª- Se o alumno acumula 6 ou máis faltas de asistencia sen xustificar durante unha avaliación, automaticamente esa avaliación quedará suspensa.

2º Se calquera das 3 notas que fan media (contidos, procedementos ou actitudes) está por baixo do 3, a avaliación tamén quedará suspensa.

3º Se ao finalizar as clases en xuño non se recuperou algún tema ou algún dos obxectivos mínimos, se a media do curso é inferior a un 4, irá ao exame extraordinario de xuño, pero se é superior ao 4, irá a setembro só con aqueles temas que deba recuperar. O profesor farao constar no informe que se entrega ao titor na terceira avaliación.

É probable que nalgún trimestre se realicen proxectos ou outro tipo de tarefas propostas pola profesora, así que a cualificación será decidida polo traballo, esforzo e implicación do alumnado.

Se o alumno obtivese unha nota inferior a un 3 nas probas escritas, suspendería a materia na avaliación correspondente. Polo tanto, **para realizar media entre varias probas nunha avaliación, a nota nunca pode ser inferior a un 3 en cada unha delas.**

Ademais, estableceranse uns requisitos imprescindibles para poder superar a materia:

- Moi importante en tódolos cursos o respecto, atención e motivación cara a materia, profesor e compañeiros, xa que todas as prácticas son diante de toda a clase e os niveis moi heteroxéneos. Valorarase non tanto a perfección final si non o esforzo e traballo amosado por cada alumno.
- En relación coa avaliación das competencias clave, valorarase positivamente a competencia cultural, a competencia social e cívica, así como o espírito emprendedor que todo alumno ou alumna demostre ao participar activamente nos proxectos interdisciplinares, nas actuacións, actividades e concursos do centro e en toda actividade de dinamización cultural do centro e do seu contorno.

Puntualizacións para todos os cursos:

- ✓ En todos os cursos a cualificación final será o resultado da media das 3 avaliacións.
- ✓ No caso de un-ha alumno-a suspender unha avaliación calquera, ofreceráselle a posibilidade de facer un exame de recuperación. Inicialmente nas primeiras clases da seguinte avaliación. De non ser así, na convocatoria final de xuño.

- ✓ O profesor do curso e grupo correspondente poderá modificar e adaptar estes criterios segundo sexan as características do grupo e /ou dalgún alumno en particular. O alumnado será informado convenientemente. Certamente xa teñen moitas opcións de recuperar ao longo de cada trimestre nas diferentes probas, controis, recuperacións, ensaios nos recreos...
- ✓ A cualificación de 5 é o aprobado. A aproximación á nota superior a partir do 5 será criterio da-o profesor-a atendendo ao seu progreso académico, evolución, interese...

2.3.2. Avaliación final.

Para o alumnado que obtivese un resultado negativo na terceira avaliación parcial, o profesor preparará actividades e ou traballos diversos que realizarán tanto na aula coma na casa, facendo especial fincapé na parte práctica de interpretación de partituras, xa que é ao que máis tempo se lle adica en escrita con eses contidos e/ ou estándares non superados que foron reforzados. Esta parte suporá un 70% da cualificación final. Para poder superar a materia, é necesario obter nesta proba un mínimo de 4 puntos.

As alumnas-os que non realizasen as tarefas de reforzo mencionadas antes, terán que obter unha cualificación de 5 na proba escrita para superar a materia.

3.- PROMOCIÓN

Seguiremos as directrices que marca a *ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.*

4.- TITULACIÓN EN 4º ESO

O mesmo ca no apartado anterior.

5.- RECUPERACIÓN DE ALUMNOS COA MATERIA DE MÚSICA PENDENTE

(Hai 2 alumnos con Música pendente de 2º:)

Aqueles alumnos que pasen a 3º coa materia suspensa en 2º deberán realizar un traballo en cada avaliación (un total de 3 traballos no curso) que se entregarán antes de acabar cada avaliación (polo menos unha semana antes), de modo que demostren por medio do traballo assimilar os contidos básicos da materia. Tamén teñen a opción de entregalo conxunto en xuño. En cada avaliación deberán amosar nun control oral que dominan a lectura oral de notas (sen escribilas debaixo) e interpretar co instrumental melódico Orff dúas partituras estudadas o curso anterior ou de nivel similar, que debe ser consensuada con antelación co profesor para ter o visto e prace. Esta parte terá un peso moi importante, por eso si seguen a materia no curso correspondente, lles resultará moito máis doado.

Os traballos realizaranse preferiblemente a máquina ou co computador, e terase en conta tamén a presentación.

- Guión dos traballos que deberán presentar:

1ª Avaliación

1. Linguaxe musical: definición e principais elementos.
2. ¿Que é o son, e en que consisten as súas calidades (intensidade, duración, altura, timbre)?
3. ¿Que son as figuras e os silencios e como se representan?
4. O ritmo: (desde o termo máis lento ao máis rápido); e compás (explicar o que é e cales son os principais compases)
5. Signos de repetición (cales son e en que consisten)
6. Termos de intensidade, tamén chamados “matices” (permanentes e graduais): dinámica
7. Escalas (que é unha escala diatónica e como se forman os seus dous modos: Maior e menor)
8. Clasificación das voces humanas: desde as voces brancas, ata as infantís (cales son e que diferenzas hai entre unhas e outras)
9. O aparello fonador: zona de abastecemento, zona de fonación, zona de resonación.

2ª Avaliación

1. Traballo de investigación acerca dos instrumentos da orquestra, clasificados por familias (Cordófonos: corda fretada, pulsada e percutida; Aerófonos: Vento madeira; Vento metal; Idiófonos (de placas afinadas, de metal e de madeira non melódicos)., Membranófonos (de membranas afinadas e non afinadas), Electrónos.

Deberá incluírse un debuxo ou fotografía de cada instrumento, e tamén un gráfico coa colocación dos instrumentos na orquestra.

3ª Avaliación

1. Traballo de investigación no que escollo: facer un breve resumo da Historia da música desde a Idade Media ata a actualidade, incluíndo a vida e obra dun dos seguintes compositores: J. S. Bach, L. Van Beethoven, W. A. Mozart, J. Haydn, R. Wagner.

2. Ou o traballo de investigación sobre compositores e intérpretes da Comunidade Galega

6.- AVALIACIÓN DOS PROCESOS DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Como docentes debemos reflexionar sobre o proceso de ensino e sobre a nosa práctica profesional para podermos aprender e mellorar o noso labor.

Estas son as preguntas que nos formularemos individualmente sobre a nosa actuación co alumnado:

- Se a planificación foi adecuada: número e duración das actividades, nivel de dificultade, interese para o alumnado, significatividade para o proceso de aprendizaxe, con obxectivos ben definidos...
- Sobre os materiais utilizados: se son atractivos para os alumnos, se son suficientes...
- Se soubemos motivar o alumnado e espertar o seu interese...
- Se tivemos en conta as medidas de atención á diversidade, se usamos as TIC, se incluimos os temas transversais...

Hai moitos aspectos que podemos analizar da nosa práctica docente e, na medida na que sexamos capaces de realizar esta análise de forma reflexiva e con capacidade de autocrítica, converterase nunha ferramenta de mellora continua do noso labor docente.

Para sistematizar o traballo podemos establecer unha serie de ámbitos ou aspectos para avaliar e elaborar indicadores para cada un deles. Podemos usar follas de rexistro nas que anotar datos cuantificables, un diario de aula que nos permita recoller situacións ocorridas na clase sobre as que reflexionar logo, rúbricas de autoavaliación que nos permitan cuantificar o grao de consecución de aspectos concretos,... Despois é imprescindible avaliar todos os datos recollidos.

Como mostra, incluímos un exemplo de rexistro para a autoavaliación do profesorado para facer un seguimento e avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe.

Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE	
ACTIVIDADE	INDICADORES DE LOGRO
Planificación	<ul style="list-style-type: none"> - - Planifica a práctica docente tendo en conta os estándares de aprendizaxe. - Realiza a temporalización tendo en conta as horas asignadas á materia e a duración dunha sesión de traballo. - Selecciona e secuencia os contidos de maneira progresiva e tendo en conta os aspectos particulares de cada grupo.

AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

	<ul style="list-style-type: none">-- Planifica as clases de maneira aberta e flexible.- Selecciona e elabora os materiais e recursos didácticos para desenvolver a práctica docente, así como os arranxos de obras para interpretar na clase.- Establece criterios, procedementos e instrumentos de avaliación relacionados directamente cos estándares de aprendizaxe.- Coordínase co profesorado doutros departamentos.
Motivación do alumnado	<ul style="list-style-type: none">- Dá a coñecer a planificación da práctica proporcionando unha visión de conxunto a principio de curso e ao comezo de cada sesión de traballo.- Establece canles de comunicación para que o diálogo sexa fluído dentro e fóra da aula.- Proporciona ao alumnado o apoio necesario durante o proceso de ensino-aprendizaxe.- Desenvolve actividades de diversos tipos e características introducindo elementos novos.- Fomenta un bo ambiente na aula.- Promove a participación activa do alumnado no seu proceso de aprendizaxe.- Fai posible a realimentación na entrega e avaliación de prácticas e traballos.- Relaciona os contidos, os proxectos e as actividades cos intereses do alumnado. - Organiza a aula para que o alumnado dispoña de espazo e recursos na realización da práctica instrumental. - Evita a repetición de pezas a fin de introducir

<p>Desenvolvemento do traballo diario</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Resume e repasa ao comezo de cada sesión os contidos xa traballados en sesións anteriores. - Utiliza exemplos na introdución de novos contidos. - Resolve as dúbidas do alumnado dentro e fóra das sesións de traballo. - Establece tempos fóra das sesións de traballo para atender ao alumnado de ser necesario. - Relaciona os contidos a dar con elementos da súa realidade diaria ou cos de outras materias. - Utiliza diferentes soportes durante as sesións de traballo. - Selecciona pezas vocais e/ou instrumentais, proxectos e actividades en xeral que permitan alcanzar os estándares de aprendizaxe e a adquisición das competencias clave. - Fomenta a autonomía, a igualdade, a iniciativa persoal, o traballo en equipo e o respecto (tanto entre compañeiros, coma co resto da comunidade e o material) para que o alumnado acade maior confianza en si mesmo.
---	---

<p>Avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Realiza a avaliación inicial a fin de tomar as medidas individuais ou colectivas necesarias. - Analiza os procesos e os resultados das prácticas, proxectos, exercicios probas e actividades en xeral. - Establece medidas que permitan introducir melloras. - Fai posible a realimentación na entrega e avaliación de prácticas e traballos indicando os aspectos nos que o alumnado pode introducir melloras. <p>Proporciona indicacións durante a realización do traballo práctico.</p> <ul style="list-style-type: none"> -Supervisa de forma continua a resolución de exercicios e realización de tarefas que se desenvolven durante as sesións de traballo. - Favorece os procesos de autoavaliación. - Propón actividades complementarias para resolver problemas que xorden durante o proceso de ensino- aprendizaxe.
--	---



O Rosal, 5 de abril 2022